

Yuriy Feting, 2015

ESTREA EN NUMAX: 27.08.2022 | V.O.S.E. | +8 | 90 min

Nas estepas da Rexión do Volga, en Rusia, os kamulkos cren que o nacemento dun camelo albino é sinal de boa sorte. Altynka é unha cría de camelo albino que é vendida polo patriarca dunha familia para poder afrontar economicamente o nacemento do seu novo fillo. Tras a venda de Altynka, a súa nai, Mara, fuxe para atopar á súa cría. A súa desesperación é un desastre para a familia, polo que o fillo maior, Bayir, aos seus doce anos, emprende unha viaxe pola estepa subido nunha vella moto para atopar a Mara, que é a base do sustento familiar.



Camelos e unha motocicleta

Por Menuda Filmo

En *Celestial Camel* todo xira en torno á viaxe dos protagonistas. É un filme con todos os elementos das chamadas *road movies*: o importante son as experiencias que viven os protagonistas mentres percorren o seu camiño.

Bayir e Mara buscan o pequeno Zinka como os personaxes deste tipo de filmes buscan algo ou a alguén. A medida que avanza van aprendendo sobre eles mesmos e sobre o mundo que os rodea. Como ocorre cos protagonistas dunha *road movie*, Mara a camela e Bayir fortalecen o seu vínculo durante a súa aventura.

As etapas da viaxe tamén son características das *road movies*. Aínda que quere recuperar a Mara, as aventuras que Bayir vive polo camiño e a xente que coñece cobran moita importancia. Pode parecer nos incluso que afastan do seu obxectivo a Bayir, pero o que aprende en todas elas axúdalle a avanzar na súa busca. Cada etapa descúbrelle algo novo e non podemos adiviñar que ocorrerá na seguinte.

O lugar onde se desenvolve a viaxe forma parte da historia. O deserto, un dos espazos favoritos para ambientar as *road movies*, é protagonista en *Celestial Camel*. Enorme e descoñecido, alí podes fuxir de todo. Pero para Bayir e Mara non se trata dun lugar por explorar, senón que o coñecen moi ben porque é o seu fogar. Somos os espectadores quen descubrimos como é esa zona e a xente que vive nela.

Celestial Camel é unha *road movie* ambientada nun lugar concreto: a rexión de Kalmukia, en Rusia. A viaxe de Bayir tamén serve para ensinarnos como se vive, como visten e o que é importante alí. Amósanos as costumes da zona como faría un filme de cinema etnográfico.